No caso do Concello de Rianxo a situación é a seguinte: hai unha capacidade de financiamento de 1.039.393,38 €, pero o remanente de tesourería para gastos xerais é de 47.910,68 €, polo que este último é o importe máximo do superávit orzamentario que deberá destinarse aos fins previstos no LOEOSF.

3.3.1.5.2 Fin/s ao/s que hai que destinar o superávit orzamentario

O artigo 32.1 LOEOSF establece, con carácter xeral, que o superávit orzamentario, no importe calculado nos termos anteriores, debe destinarse a reducir o volume de endebedamento, co límite deste volume, se fose inferior ao importe do superávit a aplicar.

No Concello de Rianxo, o importe do superávit a aplicar, 47.910,68 €, é inferior ao volume de endebedamento, polo que, de acordo co artigo 32 LOEOPS, este sería o destino a imputar o dito importe.

Non obstante, a DA 6ª LOEOSF introduciu a posibilidade doutros destinos, sempre que se cumpran unha serie de condicionantes. A DA 82ª LOXE prorrogou a vixencia desa disposición para o ano 2016.

1) Cumprimento ou non dos requisitos para a aplicación da DA 6ª LOEOSF: SI

Para destinar o superávit orzamentario aos fins da DA 6ª LOEOSF é necesario, en primeiro lugar cumprir os seguintes requisitos:

Non superar os límites previstos no TRLFL en materia de autorización das operacións de endebedamento

Aforro neto positivo

Nivel de endebedamento superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior

Que da liquidación do exercicio anterior resulte:

Superávit en termos de contabilidade nacional

Remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.

O 04/07/2013 emitíuse unha nota informativa pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local en relación ao destino do superávit orzamentario.

No seu apartado IV, relativo ás Entidades Locais, concrétese o axuste que se debe realizar no remanente de tesouraría e consiste no importe das obrigas que, estando recoñecidas no orzamento, se pagasen no marco do mecanismo do pagamento a provedores regulado en 2012 e sempre que se financiase con operacións de préstamo co FFPP. Efectivamente, este é o importe que deu lugar a un superávit orzamentario no exercicio 2012 como consecuencia dese mecanismo e que contribuíu a incrementar o remanente de tesourería para gastos xerais pola dita contía.

Non obstante, a nota informativa establece no apartado V que, para os anos 2013 e 2014, non se aplicará este axuste.

Esta Intervención considera que ilo débese a que quere limitarse o axuste ao exercicio no que se xerou a mellora no Rtgx por este mecanismo excepcional. Hai que remarcar que a DA 6ª delimita a aplicación dese axuste ás medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei, isto é, con carácter xeral, non restrinxida ao mecanismo do ano 2012.

2) Destinos do superávit

Obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31/12/2015 na conta (413) Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento

Obrigas pendentes de pagamento con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. Este non pode considerarse como un destino do superávit instrumentado a través dunha modificación orzamentaria financiada con remanente de tesourería, xa que estase a falar de obrigas recoñecidas en exercicios anteriores.

Os gastos contabilizados a 31/12/2015 na conta (413) están previstos nos créditos iniciais do Orzamento 2016, actualmente en tramitación. No caso de que este entrase en vigor, non se podería aplicar o superávit a esta finalidade, xa que teñen previsión orzamentaria e o efecto da modificación sería posibilitar a realización dun maior gasto non vinculado á DA 6ª LOEOSF.

Investimentos financeiramente sostibles (IFS). Débense cumprir os seguintes requisitos:

O período medio de pagamento (PMP) non pode superar o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade. Trátase da magnitude regulada no RD 635/2014, que se establece en 30 días.

Requisitos dos IFS, previstos na DA 16ª TRLFL:

A entidade debe atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

O IFS debe imputarse nalgún dos seguintes programas do orzamento de gastos

	Grupo de programa	Descrición
	160/161	Saneamento, abastecemento e distribución de augas
	162	Recollida, eliminación e tratamento de residuos
	165	Alumeado público
	172	Protección e mellora do medio ambiente
	412	Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
	422	Industria
	425	Enerxía
	431	Comercio
	432	Ordenación e promoción turística
	441	Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte
	442	Infraestruturas do transporte
	452	Recursos hidráulicos
	463	Investigación científica, técnica e aplicada
	491	Sociedade da información
	492	Xestión do coñecemento

O investimento tamén poderá imputarse nalgún dos seguintes grupos de programas:

	Grupo de programa	Descrición
	133	Ordenación do tráfico e do estacionamento
	153	Vías públicas
	171	Parques e xardíns
	336	Protección do Patrimonio Histórico-Artístico
	453	Estradas
	454	Camiños veciñais
	933	Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público

Exclúense os investimentos que teñan unha vida útil inferior a 5 anos e as adquisicións de mobiliario, enseres e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte

O IFS debe imputarse ao capítulo 6 do estado de gastos (excepcións relativas a determinadas indemnizacións e compensacións complementarias e vinculados ao IFS)

Non pode dar lugar a un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario no ano no que se aplique o superávit, tendo en conta a capacidade de financiamento prevista para este exercicio

Redución de endebedamento: **47.910,68 € (totalidade do superávit a aplicar)”**

Nas conclusións do dito informe resume todo o razoamento anterior coa seguinte afirmación: *“Finalmente, deberá destinarse un importe de 47.910,68 € do superávit orzamentario para reducir débeda, en aplicación do art. 32 e a DA 6ª LOEOSF”*

2. Contido do expediente

De acordo co artigo 177 do texto refundido da Lei das facendas locais, esíxese que os gastos que se financien como crédito extraordinario non se pode demorar ata o exercicio seguinte e non hai consignación orzamentaria suficiente. Neste caso, trátase dunha obriga legal que esixe unha amortización extraordinaria non prevista no orzamento, polo que, necesariamente, non pode haber crédito para elo.

3. Aplicacións orzamentarias afectadas

Aplicación orzamentaria que aumenta	Importe
011.91300	47.910,68

Concepto de ingresos que aumenta	Importe
87000	47.910,68

4. Proposta

Este expediente debe remitírselle á Intervención Municipal para a tramitación do expediente de crédito extraordinario 1/2016 nos termos sinalados nesta memoria.

O 22/09/2016 a Intervención Municipal emitiu un informe favorable ao expediente de crédito extraordinario 1/2016

Polo tanto, dada a imposibilidade legal de destinar o superávit orzamentario e, polo tanto, a totalidade do remanente de crédito a ningunha outra finalidade que non sexa unha amortización de préstamos non prevista no orzamento, é preceptivo tramitar este crédito extraordinario. Este expediente ten como finalidade a dotación orzamentaria. Posteriormente, deberá tramitarse outro expediente para a aprobación do gasto e recoñecemento de obrigas, no que deberá determinarse a operación de endebedamento á que se aplica.

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario 1/2016 que presenta o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria que aumenta	Importe
011.91300	47.910,68

Concepto de ingresos que aumenta	Importe
87000	47.910,68

SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 1/2016 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTO

Dar conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 26/09/2016, sendo este favorable.14 de outubro

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O concelleiro Tobias Betanzos Rego, procede a expoñer a proposta, engadindo que debido que hai que destinar o superávit a amortización de débeda o pleno ten que aprobar a propia contía e destinala a amortizar dito expediente estudouse con profundidade na comisión informativa

O voceiro de Rianxo en Común engade que si hai que destinalo a amortización pois amortizaremos.

A voceira do PSOE di que está de acordo

A concelleira do PP di que pouco mais hai que debater amortízanse as débedas, vostedes critican a Montoro pero o superávit non pode destinarse aos provedores porque vostedes non pagan en trinta días, pero entendemos é positivo por iso vamos votar a favor.

A voceira do BNG engade que vamos a votar a favor por imperativo de Montoro, que está equivocado, o ultimo período medio de pago é sobre 30 días, pagamos en prazos o equipo de intervención así o pode informar.

O alcalde engade que o último período medio de pago era de 30,49 días - intentar manter orden, sen embargo hai que pagar a Montoro as obrigacións, o alcalde do concello de Boiro tamén critica esta medida

A concelleira do PP di que non lle preocupa o concello de Boiro senón o de Rianxo.

O alcalde di que primeiro debería ser a xente, pero cambiouse a Constitución para que os primeiros en cobrar sexan os bancos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, resulta APROBADA nos termos desta, por unanimidade dos 15 membros presente dos 17

que legalmente constitúen a corporación.

8.- DEVOLUCIÓN A SERVIICIO SL DA GARANTÍA DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MODALIDADE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS.

Visto o informe da tesourería, datado o 26 de setembro de 2011, que se transcribe literalmente a continuación:

“ASUNTO: devolución de aval definitivo. Contrato de xestión de servizo público, modalidade concesión administrativa, piscina climatizada e instalacións anexas

Mediante escrito datado o 10 de agosto de 2012, e presentado por rexistro de entrada do Concello de Rianxo o 11/08/2016 (nº 4.703), Víctor Manuel Reyero Rodríguez, con NIF 07494986E, en representación de Serviocio s.l., solicita devolución de garantía definitiva constituída para responder das obrigas do contrato de xestión de servizos públicos, modalidade concesión administrativa, denominado “piscina municipal do Concello de Rianxo”. Achega copia do aval solicitado, emitido o 12 de xaneiro de 2009 co número 36.319.

De conformidade co artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, emítase este informe de acordo cos seguintes:

ANTECEDENTES

- datos do aval orixinario:
- CONTRATISTA//CIF: Serviocio, Cultura, Deporte y Recreación, s.l.//B 15416845
- GARANTIZA: Obrigas correspondentes á execución do referido contrato
- DATA DE CONSTITUCIÓN: 12/01/2009
- TIPO DE GARANTÍA: Definitiva.
- AVAL DA ENTIDADE: Afianzamentos de Galicia, SGR.
- NUMERO DE AVAL: 36.319
- IMPORTE AVAL: 12.106,55 €

b) datos do aval en vigor:

- CONTRATISTA//CIF: Serviocio, Cultura, Deporte y Recreación, s.l.//B 15416845
- GARANTIZA: Obrigas correspondentes á execución do referido contrato
- DATA DE CONSTITUCIÓN: 15/02/2012
- TIPO DE GARANTÍA: Definitiva.
- AVAL DA ENTIDADE: Banco Sabadell
- NUMERO DE AVAL: 10000635076

- IMPORTE AVAL: 12.106,55 €

c) Acordo da Xunta de Goberno Local de 28/02/2012 no que se accede a substitución da garantía definitiva.

d) Fin da vixencia do contrato. O contrato administrativo de obra foi subscrito o 15/01/2009 e tiña unha vixencia de 59 meses, dende o día seguinte á apertura ao público a piscina municipal de Rianxo. Rematou polo tanto o 14/12/2014.

e) Solicitude de devolución de aval presentada por D. Víctor Manuel Reyero Rodríguez, na representación de Serviocio, adxudicataria do contrato (Rex. entrada nº 4.703 de 11/08/2016). A solicitude que obra no expediente refírese en todo momento, entendemos que por un erro administrativo, ao aval orixinario que carece de eficacia, pois o único aval que obra nas dependencias desta tesourería é o outorgado polo Banco de Sabadell.

f) Informe do técnico da área de deportes, de 25 de novembro de 2015 no que conclúe o seguinte:

“rematado o contrato con data 31 de xaneiro de 2014, enténdese que a concesionaria cumpriu satisfactoriamente o contrato e non se observou incumprimento algún nas responsabilidades e conceptos incluídos no artigo 88 da LCSP, polo que sería procedente a devolución do importe da garantía”

Vistos os antecedentes expostos e a normativa aplicable, emítase o seguintes

INFORME

- O contrato tiña unha duración de 59 meses; ao asinarse o 15/1/2009, o contrato remataba o 14/12/2013. Non en tanto, Consta no expediente escrito asinado por Serviocio no que indica como data de finalización do contrato o 28/02/2014.
- O contrato ten prazo de garantía dun ano, contado dende o día seguinte ó da sinatura da acta de conformidade da xestión do servizo, segundo consta na cláusula cuarta do contrato asinado o 15/01/2009.

Si o dies a quo a considerar é o 28/02/2014, o prazo de garantía rematou o 27/02/2015.

- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, os efectos, cumprimento e extinción dos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei (15/12/2011) rexeranse pola normativa anterior que é a Lei de Contratos do Sector Público.
- Ao abeiro dos artigos 90.1 e 2 do TRLCSP a garantía no será devolta ou cancelada ata que se producira o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, si non resultaren responsabilidades se devolverá a garantía ou o se cancelará o aval ou seguro de caución.
- O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade

Posto que o contrato rematou o 28/02/2014, o prazo dun ano e dous meses finalizou o 27

de febreiro de 2015. Poren, a partires dos dous meses inmediatos posteriores sen notificar o acordo de devolución da garantía, de ser procedente a devolución da mesma, compre abonar os xuros de mora reivindicados dende dita data.

- Co fin de verificar o presuposto de feito necesario para a devolución da garantía, solicítase informe ao técnico da área de deportes, que conclúe, o 25 de novembro de 2015, o seguinte:

“rematado o contrato con data 31 de xaneiro de 2014, enténdese que a concesionaria cumpriu satisfactoriamente o contrato e non se observou incumprimento algún nas responsabilidades e conceptos incluídos no artigo 88 da LCSP, polo que sería procedente a devolución do importe da garantía”

- Segundo se desprende da documentación que obra neste expediente, non se ten constancia por esta tesourería da existencia de informe técnico, debidamente notificado ao contratista con anterioridade á expiración da vixencia do contrato, de calquera tipo de anomalías na execución do contrato de servizo, e sí un informe favorable á devolución do aval.
- Das restantes deficiencias ou irregularidades na execución de contratos a que están afectas as garantías e que enumera o artigo 88 da LCSP (penalidades impostas ao contratista; resolución do contrato...) tampouco existe constancia por parte da que subscribe de que se produciran.
- Contrastada a contabilidade, no módulo de Avals do aplicativo de contabilidade Sicalwin, se constata que o antedito aval figura rexistrado en contabilidade co número de operación 320110000003, aval número 10000635076 por importe de 12.106,55 €.
- O artigo 65.3 do RGLCAP preceptúa que a Caixa Xeral de Depósitos ou órgano no que se atope constituído absteranse de devolver as garantías en metálico ou en valores, aínda que resulte procedente por inexistencia de responsabilidades derivadas do contrato, cando mediase providencia de embargo.

Esta tesourería non ten constancia de providencias de embargo contra Servicio, nin de débeda algunha de dita empresa co Concello de Rianxo, segundo informe emitido por recadación.

- A competencia para resolver, correspóndelle ao órgano de contratación, ao abeiro do previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público. O órgano de contratación foi a Alcaldía, pero por aplicación da delegación atribuída polo Pleno a favor de aquel, en sesión organizativa celebrada o 5 de xullo de 2007.

Non obstante o anterior, a competencia está atribuída ao Pleno (vid.arts. 21.1.f) e 22.2.e) da LBRL). Porén, ao non existir nesta corporación delegación de competencias plenarias na Alcaldía, a competencia correspóndelle ao Pleno.

CONCLUSIÓN

Vistos os antecedentes descritos, esta técnico informa favorablemente a devolución do aval co número 10000635076 no rexistro de avais do Banco Sabadell e por importe de 12.106,55 € en garantía do contrato denominado “Contrato de xestión de servizo público, modalidade concesión administrativa, piscina municipal do Concello de Rianxo, xunto cos

xuros de mora deivindicados dende o cumprimento do prazo de dous meses seguintes ao remate do período da garantía.”

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Devolver o aval co número 10000635076 inscrito o rexistro de avais do Banco Sabadell por importe de 12.106,55 € en garantía do contrato denominado “Contrato de xestión de servizo público, modalidade concesión administrativa, piscina municipal do Concello de Rianxo” xunto cos xuros deivindicados dende o cumprimento do prazo de dous meses seguintes ao remate do período da garantía.

SEGUNDO

Notificar este acordo ao interesado, así como darlles traslado aos Departamentos de Deportes e Intervención e Tesourería.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 26/09/2016, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O concelleiro Tobias Betanzos Rego expón a proposta : “os servizos técnicos comprobaron que non houbera problema, tanto os servizos de deportes, como tesourería de que que non hai débedas, nin ordenes de embargo. O contrato rematou ó 28/2/2014 o prazo de devolución da garantía estableceuse nun ano, finalizou o 27/2/2015, pero non puido devolverse no 2015 porque había discusión sobre a indemnización, entendeuse era prudente resolver diferencias económicas, esa diferenza resolveuse propoñendo o pleno aprobación da devolución da fianza

O voceiro de Rianxo en Común votaremos a favor.

A voceira do PSOE votaremos a favor.

A concelleira do PP di que non sabemos dos intereses de demora, vamos votar en contra porque entendemos que non se debería devolver catro meses despois .

A voceira do BNG di que quedou explicado polo voceiro de facenda e na proposta que o contrato prestouse satisfactoriamente e agora procede devolver a fianza.

O alcalde di que é un asunto de xestión administrativa ordinaria que non ten que ver con xestión políticas, a empresa presentou o servizo e un mes despois estáselle devolvendo a garantía.

Tema impecable de xestión e dos servizos administrativos, asunto ordinario de tesourería.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e

cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

9.- MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE CONSELLO SECTORIAIS.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Procédese polo voceiro de Rianxo en Común a presentación da moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As corporacións locais constitúen o marco político-administrativo máis próximo á cidadanía, sendo o entorno idóneo para a profundización da democracia. A democratización dos consellos esixe, non só a representatividade da cidadanía elixida por sufraxio para a toma de decisións, senón tamén a intervención dos cidadáns e das cidadás na planificación, control e seguimento das políticas públicas locais. Nestas intervencións consiste a participación, como a incorporación á tarefa municipal de toda acción de carácter solidario, individual ou colectiva, que camiña cara o recoñecemento pleno dos veciños e das veciñas en suxeitos de dereitos e non simples beneficiarios e beneficiarias de prestación e servizos. Trátase de gobernar non só para a cidadanía, senón coa cidadanía.

Por este motivo e para que o concello de Rianxo habilite os mecanismos necesarios para acadar tal obxectivo, para que favoreza, impulse e dinamice o dereito de petición e proposta, de consulta e da iniciativa cidadá, o dereito de ser escoitado/a e o de intervir nos órganos creados a tal efecto como os Consellos Sectoriais. Estes consellos deben ser órganos de participación, información e proposta da xestión municipal, e canles de participación directa dos cidadáns e das cidadás e das súas asociacións. Co obxectivo de unha maior eficacia e dunha actuación máis global o seu número será reducido, agrupando as áreas municipais que máis relación entre si teñen.

Con isto pretendemos que o concello de Rianxo manteña un diálogo aberto, transparente e regular coa sociedade civil que contribúa a mellorar a confianza dos cidadáns e das cidadás nas institucións, que contribúa á eliminación de desigualdades entre as distintas zonas do concello e que contribúa a consolidar unha cultura reforzada de consulta e de diálogo permanente que facilite a convivencia, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade cidadá e os valores éticos e democráticos, reforzando o desenvolvemento humano e a preocupación polo interese e o ben común.

Así pois elévanse para a súa aprobación ao Pleno Municipal os seguintes acordos:

A creación de forma permanente, e en menos de 30 días naturais dende a aprobación dos acordos, dos Consellos Sectoriais seguintes:

- Igualdade e Asuntos Sociais.
- Desenvolvemento Económico, Mar e Desenvolvemento Rural.
- E outros que se poidan crear ou modificados os citados, polo acordo do Pleno do

Concello de Rianxo.

A dotación dos Consellos Sectoriais das seguintes funcións:

- Informarse e informar ao Concello de Rianxo sobre os problemas específicos do sector e informar a área que corresponden á súa denominación.
- Propoñer iniciativas, suxerencias ou solucións alternativas, sendo de obrigada consideración e estudo por parte do órganos correspondente do Concello de Rianxo, así como a súa resolución polo Pleno.
- Consulta previa ao Consello por parte do Concello de Rianxo de tódolos asuntos de transcendencia que afecte ao sector de actuación do Consello.
- Seguimento dos acordos.
- Discutir as propostas de programa anual de actuación e do Orzamento municipal do área correspondente.
- Emitir informes ou estudos sobre os temas que consideren, para o que poderán decidir a creación de Comisións ou grupos de traballo.

A composición dos Consellos será a seguinte:

- O Alcalde será o Presidente nato de tódolos Consellos. Porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membros da Corporación.
- A Vicepresidencia recaerá nun Concelleiro non membro do Equipo de Goberno, elixido polo Pleno.
- Vocais dos Grupos Políticos: un representante por cada un dos grupos municipais do Concello de Rianxo (non necesariamente concelleiros). En ningún caso un grupo político poderá ter máis dun representante en cada Consello, xa exerza como Presidente, Vicepresidente ou Vocal. De tódolos vocais (tamén dos veciños) nomearase un representante titular e un suplente.
- Vocais-Veciños: un membro por cada unha das entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que garden relación con Consello Sectorial correspondente.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro de Rianxo en Común engade que a idea dos Consellos sectoriais é crear unha maior participación da cidadanía e dotar a estes órganos de representatividade veciñal.

Voceiro do PSOE expón que lles parece ben estas iniciativas .

Voceiro do PP : parécenos ben votamos a favor da participación do pobo.

Voceira do BNG: desde o equipo de goberno estamos traballando no regulamento de participación veciñal e este xa prevé que as asociacións participen, calquera colectivo que queira expresarse poderá face-lo.

Adolfo: Hai un consello xa a aberto o de educación dentro do traballo da universidade, tamén se prevé crear un rexistro de asociacións. En todo caso que eses días para crear o

consello que sexan flexibles que se cree tamén o regulamento marco e as fórmulas en canto os órganos

Conviña reflexionar sobre a representación do concello debe ser un concelleiro, sería bo definir o marco legal

Voceiro de Rianxo en Común: chamades a comprensión e flexibilidade, nos propoñemos uns prazos curtos para que non se esqueza, queremos que sexa un sentimento compartido. O importante é que no consello participen os veciños, en canto a representación do concello do concepto de dentro ou fora sempre que a lei o permita.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA por unanimidade nos termos desta

10.- SOMETER A ESTUDIO A SOLICITUDE DA COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA DA BARBANZA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O alcalde expón a proposta da memoria histórica

Con data 08 de agosto de 2016, tivo entrada co número 4622 no Rexistro do Concello a solicitude presentada por D. Andrés Lijó Villa, como Presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria da Barbanza

EXPÓN QUE:

Neste ano 2016 conmemórase o 80 aniversario do inicio da guerra civil española, que foi un golpe de estado fracasado contra o goberno democrático da Fronte Popular. Este é o acontecemento máis trágico do século XX español, responsable da durísima represión que afectou a miles de cidadáns.

A represión franquista en Galicia está sendo ben estudada tanto a nivel universitario como nos estudos que os investigadores galegos están lavando a cabo de xeito individual.

Dende a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza pretendemos rememorar e dignificar as vítimas da represión franquista na bisbarra da Barbanza, e para isto queremos erixir, coa colaboración de todos os municipios da Barbanza, un monumento conmemorativo por este feito.

Pensamos que o lugar do **Confurco**, no Concello de Lousame, recolle todos os indicadores necesarios para distinguilo como **lugar da memoria da represión**, e que por desgraza, non foi o único lugar na comarca que merece este título, pero como a investigación ten demostrado, está no número un dos lugares da represión e brutalidade da nosa bisbarra. Decenas e decenas de cidadáns da comarca, pero tamén de Santiago e arredores foron brutalmente asasinados nese lugar.

O Concello de Lousame cede o terreo necesario para poder erixir o monumento.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza pretende erixir un

monumento en favor das vítimas desta represión e que sexa testemuño da defensa da paz, da democracia e dos valores humanos. Un monumento que dignifique a memoria das vítimas e dos seus familiares e que sexa un baluarte contra a intolerancia e contra a violencia como forma de práctica política.

Por todo o anteriormente citado

SOLICITAMOS

a colaboración do **CONCELLO DE RIANXO**, para poder levar a cabo esta iniciativa comarcal. O solicitado a cada concello da Barbanza é de **600€**, que serán utilizados para sufragar a realización e colocación do monumento.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Adolfo Muíños: despois de expoñer a proposta recorda que Confurco é un lugar emblemático para toda a comarca en xeral proponse que despois de elaborar o oportuno expediente se modifique o anexo de subvencións para a súa aprobación noutro pleno .

Voceiro de Rianxo en Común: apoiamos a iniciativa, recuperación da memoria para afastar pantasmas. Tamén traemos o pleno para recuperar e espantar pantasmas da guerra e da postguerra unha iniciativa de recoñecemento simbólico unha muller de Rianxo “Belarmina Ordoñez la Roja “ dado que morreu recentemente.

Voceira do PSOE: estamos de acordo coa proposta

voceira do PP : o noso grupo vaise abster

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (3 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA para someter a estudo a solicitude nos termos desta

11.- MOCIÓN DE PROPOSTA DE SUBSCRICIÓN DO PACTO DOS ALCALDES CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común procede a expoñer a moción:

O cambio climático é unha realidade que ten a súa orixe na actividade humana e supón o maior reto da nosa especie para os vindeiros anos, xa que ameaza con levar por diante o noso modo de vida, como xa sucedeu para a poboación dalgunhas illas do Pacífico, e incluso ameazando a propia supervivencia da especie. Por incómodo que poida resultar, a

estas alturas isto non é unha opinión, nin sequera unha hipótese entre outras, é unha verdade científica perfectamente documentada.

Este feito é tan perturbador que tendemos a recoñecelo e mirar para outro lado, nun certo exercicio infantil de que o que non vemos non existe. Evitámolo de moitas maneiras, por exemplo pensando que os humanos somos moi intelixentes e inventaremos algún recurso tecnolóxico que absorberá o carbono ou mitigará a radiación solar. Evitámolo tamén dicindo que nada podemos facer ante unha realidade tan global e abstracta, ou tamén pensando que todo será moi gradual, pequenos incrementos de emisións dando lugar a pequenos aumentos de temperatura, pequenas elevacións do nivel do mar, etc. En definitiva, que iremos tendo tempo para adaptarnos, descoñecendo que sobrepasar determinados límites levará a cambios impredecibles, seguramente abruptos e irreversibles.

Unha das fontes máis recoñecidas cando se fala de cambio climático é o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático (IPCC), que no seu quinto informe publicado en novembro de 2014 afirma, como xa o facía en informes anteriores, que o cambio climático é unha realidade e que as actividades humanas continúan afectando o clima.

Na Conferencia das Nacións Unidas sobre Cambio Climático de París (COP 21), 195 nacións acadaron o acordo de manter o aumento da temperatura neste século por debaixo dos 2°C e impulsar medidas para mantelo por debaixo dos 1'5°C, establecendo como base os niveis preindustriais.

Pola súa parte, a Unión Europea aprobou en outubro de 2014 un marco de actuación en materia de clima e enerxía ate o ano 2030 que establece unha redución dun 40% nas emisións de gases con efecto invernadoiro, o consumo dun 27% de enerxía de fontes renovables, e un aforro enerxético dun mínimo dun 27%.

Considerando a complexidade e a urxencia, e que deben confluír esforzos a distintos niveis, a Comisión Europea lanzou no 2008 o Pacto dos Alcaldes e a iniciativa "Mayors Adapt" en 2014 co fin de implicar e apoiar as autoridades locais na loita contra o cambio climático.

Asinar o Pacto do Alcaldes implica elaborar un inventario de referencia de emisións, así como a avaliación de vulnerabilidades e riscos do cambio climático no noso concello, a elaboración dun plan de acción para o clima e a enerxía sostible e elaborar un informe de situación cada dous anos.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Asinar o Pacto do Alcaldes
2. Asumir o compromiso implícito nesta sinatura de reducir as emisións de CO₂ en alomenos un 40% de aquí a 2030.
3. Invitar á participación neste pacto a outras institucións das que é membro o noso concello como Arousa Norte e FEGAMP.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro de PsOE : A nos parécenos ben ,trátase dun problema importante .

Voceiro do PP: o noso grupo vise abster

Voceira do BNG: Vamos apoiar , estamos convencidos e no que o concello pode poñeremos as nosas medidas, no día a día baixando o consumo , gasto de auga, reciclaxe .O día 13 vaise poñer no Campo de Abaixo un stand que promove a Consellería Medio Ambiente como facer reciclaxe dos residuos eléctricos e desde aquí se invita a todos a participar nestas iniciativas .

Pediuse a Consellería de Medio Ambiente axudas para o Plan estratexia local de sustentabilidade, a memoria recolle propostas de todos os colectivos de Rianxo, asumimos o Pacto e intentaremos facer que Rianxo sexa un Concello sostible, e que as emisións se reduzan para lograr que o cambio climático sexa máis lento dentro das nosas posibilidades.

Voceiro de Rianxo en Común: Non se trata de asinar algo e facer unha auditoría enerxética.

Adolfo Muíños: O Plan estratexias locais de sustentabilidade recolle unha serie de medidas elaboradas coa participación dos colectivos que abarcan dende creación de zoas de aparcadoiro disuasoria, ir o colexio andando, pasar o alumado a led, reducir o consumo todas estas medidas favorecen o compromiso asumidos de reducir as emisións de CO2 un 40% de aquí a 2030.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (3 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

12.- MOCIÓN DE PROPOSTA DE ACTUACIÓNS INMEDIATAS A DESENVOLVER EN RELACIÓN CO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O voceiro de Rianxo en común procede a exposición da moción:

Un dos eixos prioritarios do programa económico de Rianxo en Común concrétese na promoción das empresas e iniciativas locais. Nesta aposta polo tecido económico propio, consideramos que, entre as medidas a desenvolver polo Concello, como valedor de proxectos adaptados ao territorio e ás necesidades das persoas, destaca a urxencia de proporcionar un decidido impulso ao Parque Empresarial.

Frustrada a inicial esperanza de que o sector conserveiro alcanzase no mesmo unha maior presenza, e despois dalgunhas pretendidas megaadxudicacións que tampouco pasaron da realidade virtual, o certo é que o nivel de ocupación do Parque, a día de hoxe, dista

considerablemente das expectativas que tiña despertado. Así, malia a tratarse dun parque con boa dotación de servizos (comunicacións, abastecemento de augas e electricidade, ou EDAR propia) e mesmo con prezos competitivos, a ducia de parcelas vendidas ata o de agora representan unicamente o 15% da superficie total, sendo ademais que tan só a metade das mesmas dispoñen dunha edificación construída. Trátase maiormente de pequenas parcelas de chan destinadas a usos industriais. Debido a que este baixo nivel de ocupación constitúe por si mesmo un claro factor disuasorio para os potenciais compradores, faise preciso adoptar cantas decisións contribúan a reverter esta situación.

Segundo os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística, o sector servizos acapara en Rianxo a metade dos desempregados, ao tempo que goce a meirande parte da afiliación á Seguridade Social, superando este sector na práctica a metade da poboación total empregada. Se reparamos na cifra de empresas radicadas no Concello, arredor de 700, atopamos que dúas de cada tres pertencen igualmente ao sector terciario.

Trátase fundamentalmente (90%) de pequenos comercios e establecementos de hostalería que contan con menos de tres empregados, ou mesmo ningún na súa inmensa maioría. En liña coas previsibles necesidades dun tecido empresarial destas características, na reunión mantida polo Grupo Municipal de Rianxo en Común con representantes da Asociación Rianxeira de Empresarios, esta entidade trasladounos a conveniencia de que no Parque se ofertasen parcelas máis pequenas, por ter recollido esta demanda de moitos dos seus afiliados.

Noutra orde de cousas, é un feito coñecido que o Concello ven realizando un considerable desembolso mensual para facer fronte ao aluguer de terreos destinados ao almacenaxe de materiais e garda de vehículos e máquinas de propiedade municipal. Un sinxelo estudo comparado de custes faríanos ver que tal gasto resulta, a todas luces, antieconómico, fronte á posibilidade de dispoñer para este fin dunha nave propia. Mesmo que non se contara con ningún tipo de axuda e/ou subvención para a súa construción, habida conta dos gastos de aluguer aos que actualmente fai fronte o municipio, e á vista dos custes deste tipo de edificacións, no prazo de cinco anos estaría plenamente amortizado o investimento. Alén diso, a ubicación deste edificio no polígono industrial contribuiría a visibilizar unha maior ocupación do mesmo.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Estudar a demanda potencial de parcelas de menor superficie que as que se ofertan actualmente e, no seu caso, instar á Sociedade Solo Empresarial do Atlántico (SEA), titular do Parque, a dividir algunhas das existentes, dotándoas ao tempo das comunicacións e servizos correspondentes.
2. Construír nos terreos destinados a Equipamento Municipal do Parque unha nave municipal na que poder centralizar o parque de vehículos e o almacenamento de materiais do Concello.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro do PSOE: Estamos de acordo na medida e tamén en que se de a posibilidade do aluguer.

Voceira do PP: Estamos de acordo.

Voceira do BNG: Alegamos que o PP tivo moito que ver en que o polígono chegará tarde, entre outras cousas porque ten a competencia na materia é o titular do Polígono e lle corresponde a súa dinamización.

Adolfo: Hai xa 4 ou 5 meses se fixo reunión co presidente do polígono na que se propuxo este tema comentáronos que o ían estudar. Queremos que en Rianxo se cree emprego, o Concello dentro das súas competencia baixou os impostos, coñecemos que se venderon máis de 8 parcelas pero non son da nosa propiedade, creemos que coa colocación dunha vaia publicitaria, posibles empresarios emprendedores que pasen pola zoa poden mostrar interese dado que o polígono atópase moi ben situado.

Construír nos terreos destinados a Equipamento Municipal do Parque unha nave municipal na que poder centralizar o parque de vehículos e o almacenamento de materiais do Concello non se amortizaría en 5 anos senón en 50, os alugueres o ano son de 20.000€ e con 100.000€ non se levanta ningunha nave.

Voceiro do PP: vostedes votan a culpa o goberno do PP pero na Pobra construíuse un polígono en época de crise e o seu desenrolo é moi diferente polo xestión do Concello.

Adolfo Muíños: A competencia é da Xunta de Galicia e o polígono abriuse no peor período da crise. Quen ten que matarse a vender é o propietario, mellorar os prezos, condicións, que nos dean o polígono o concello xa verán como conseguimos empresas se establezan nel.

Voceira do PP: Hai empresas crecen en período de crise.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA por unanimidade nos termos desta

13.- MOCIÓN DE PROPOSTA DE CONSTRUCCIÓN DE PARADAS DE AUTOBUSES EN RIANXO E TARAGOÑA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O voceiro de Rianxo en Común pasa a ler a proposta:

Ordenar o transporte colectivo de viaxeiros é unha tarefa complicada en calquera medio e moito máis en Galicia, especificamente na zona costeira pola enorme cantidade de pequenos núcleos, que foi o xeito peculiar de ocupar o territorio que fomos construíndo.

Nos últimos decenios, e seguramente como consecuencia da xeneralización do automóbil particular, lonxe de enfrontar este problema dun xeito rigoroso deixámo-lo esmorecer co cal na actualidade no noso concello é imposible unha mobilidade eficiente en transporte colectivo. Este estado xeral de cousas recoñeceo dalgún xeito o Plan de Transporte

Metropolitano de Galicia, cando fixa como obxectivo fundamental que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

Froito da xeneralización a que antes nos referíamos do uso do automóbil privado, este fíxose incómodo en determinadas situacións por mor das aglomeracións, falta de espazos de estacionamento, etc. Apareceu ademais a preocupación polo cambio climático que fai recomendable restrinxir o uso deste medio. En relación a isto, e a pesar dos avances tecnolóxicos, cada quilómetro percorrido por un coche emite a atmosfera de media, máis de 130 gramos de gases con efecto invernadoiro. A nivel mundial o transporte é único sector que aumentou emisións nos últimos anos, en España máis do 85% desde o ano 1990, dos cales aproximadamente o 50% corresponde ós automóviles particulares.

Como queira que no pleno do mes de maio aprobamos a solicitude de integración do Concello de Rianxo na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, e que esta solicitude se amparaba en lograr melloras de tarifas e frecuencias, de ser aceptada esta petición contribuiría a aliviar as condicións do transporte con esta área. Quedaría pendente, como sinalabamos naquela ocasión, o transporte co resto dos concellos da comarca da que formamos parte, pero esta non é agora a cuestión.

Facíamos referencia nos parágrafos anteriores á complexidade de organizar dun xeito eficiente o transporte de viaxeiros, na cal son importantes entre outros os custos, as frecuencias, as duracións da viaxe, a puntualidade, etc pero tamén a seguridade e comodidade das paradas, que é o tema obxecto desta moción.

Fai algún tempo referíámonos nun pleno a precariedade e falta de seguridade das paradas de transporte escolar, e facíamos un rogo solicitando que se foran mellorando as condicións das mesmas. Isto mesmo sucede no transporte regular de viaxeiros, no que os dous núcleos máis poboados do concello, a vila de Rianxo e Campo de Pazos, carecen de lugares onde esperar o autobús en condicións de comodidade e protección.

Por todo o anterior e na liña de dar pasos dirixidos a acadar un transporte colectivo máis eficiente, O Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Estudar a mellor situación para sendas paradas de autobuses en Taragoña e Rianxo.
2. Buscar fontes de financiamento para as mesmas
3. Construír estas paradas

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro do PSOE: é importante ter sitio onde abrigarse e poder esperar, pero sobre todo que haxa liña de autobuses con frecuencia a vila.

PP: Estamos a favor. BNG: estamos de acordo co corpo da moción, debemos buscar financiación, respecto a creación de liña de autobuses deben ser sostibles.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a

corporación, resulta APROBADA por unanimidade nos termos desta

14.- ROGOS E PREGUNTAS

→ Voceiro de Rianxo en Común procede a facer o seguintes rogos :

- No pavillón polideportivo a lona divide os campos dificulta os entrenamentos dalgúns deportes .
- Se inicie un proceso de valoración do estado do firme do paseo que vai da torre, as lousas levántanse e provocan pequena incidencias, a elección do firme é discutible.
- Hai rogos que non se nos contestan

Adolfo: os rogos non se contestan resólvense nas actuacións que se levan a cabo

- Concretar as liñas xerais do orzamentos 2017 e que este se nos presenta e nos meses de xaneiro ou febreiro.

Preguntas :

- Referentes a varias mocións aprobadas do noso grupo e non executadas, parécenos excesivo convocar unha comisión de seguimento deste asunto (depuración por métodos naturais, transmisión de plenos, famosa comisión do centro de día) Que cousas se fixeron?
- ¿Solicitamos información do PXOM, vai facer un ano da reunión coa empresa, e van a volver a entrar en vigor as NNSS, pedimos información ao respecto, así como do servizos da auga e do alumeado .

→ Voceiro do PSOE, procede a expoñer varios rogos :

- Non retiren as duchas nin os servizos nada mais rematar agosto.
- Os desbroces non esperen o verán
- En Leiro se sinalice o tramo perigoso, houbo 13 accidentes
- Cando desbrocen que se recollan a maleza para que non acabe na rede de sumidoiros. En Araño cando se desbrozou foi parar a reixa e agora cando chove vai parar a calzada .
- Arranxen os espellos de Quintáns, Araño, arránxanse continuamente e atópanse mal .
- En Araño que asfalten varias pistas, Mirans entre outras .
- Na carreteira da Debesa a Marquesa hai un bache profundo que é moi grande .
- A Deputación debe facer limpeza das cunetas das súas pistas. (Adolfo: xa se avisou a Deputación)
- Nas licencias é importante comprobar que a xente, as solicita e se executan tal e como se conceden
- En Leiro arredor da Igrexa non se limpou

- As obras da rede de sumidoiros das zoas pendentes

→ Voceira do PP, procede a expoñer que moitas os seus rogos xa os manifestara outros grupo se non se ía repetir

- A zoa do Centro de Saúde quedou sen luz .

O alcalde Adolfo Muíños toma a palabra para responder:

Respecto do alumado público, non foron varios días so luns, e necesario facer un novo centro de mando que divida varios puntos de luz.

Respecto a limpeza de Leiro tócalle para a festa do Carme en Xuño. Hai expertos que din que facer as limpeza no outono son mellores porque duran mais tempo .

En Leiro e Quintáns o proxecto de depuración e da rede de sumidoiros do 2011, existe un compromiso de Augas de Galicia respecto de Isorna e Leiro que se comprometeu a facelo e executalo, teñen elaborado un proxecto técnico, Hai 10 días mandeille unha carta do estado de situación destas obras se lle trasladara unha carta e agora mandóuselle outra hai 10 días máis ou menos .

En relación cos escritos do Consorcio polo Centro de Día, debemos ir todos xuntos a dialogar cas administracións , creouse unha comisión hai 5 meses e outra hai 10 días .

En referencia o seguimento de depuración hai un proxecto de depuración en Cerqueiras xa esta feito e solicitado a subvención a Deputación si se solicitou.

Respecto o espellos adquiríronse un lote están en camiño para a súa colocación

Concelleiro de Deportes Xusto Xosé Ordoñez Figueira: se existe un problema debe solicitárselle a concellería de Deportes que intente arránxalo, a lona tiña un fallo técnico non cumpría as súas función cando estaba levantada, pero iso xa está solucionado .

Adolfo : A praia de Tanxil recóllense os servizos cando remata a brigada de praias para que non se rompan por actos vandálicos, en san Xoán xa se teñen queimado.

As fosas sépticas tamén se deben retirar antes porque se non hai un mantemento, igual non hai suficientes. Para garantir a vixilancia e limpeza

Valorarase o firme do paseo da Torre igual era no formigón con debuxo

O resto das preguntas contestaranse no seguinte pleno .

Ás 22:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, xoves 13 de outubro de 2016

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez